

**MANUAL SIMPLIFICADO DO SISTEMA DE GARANTÍA  
INTERNA DE CALIDADE DA  
FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA**



**Elaborado e aprobado pola Comisión de Calidade do Centro o 22-01-2018**

**Aprobado pola Xunta de Facultade o 02-02-2018**

**Aprobado polo Consello de Goberno o 22-02-2018**

## **ABREVIATURAS**

- CB: Comisión de Biblioteca.
- CC: Comisión de Título.
- CCC: Comisión de Calidade do Centro.
- CDT: Coordinador de Título.
- CM: Comité Consultivo.
- CNL: Comisión de Normalización Lingüística.
- CP: Comisión Permanente.
- CT: Comisión de Título.
- CTFG-ACOE: Comisión de Traballo Fin de Grao e da Avaliación de Competencias Obxectiva Estruturada de Medicina
- CTFG-O: Comisión de Traballo Fin de Grao de Odontoloxía.
- CVM: Comisión de Validacións do Grao en Medicina.
- CVO: Comisión de Validacións do Grao en Odontoloxía.
- ED: Equipo de Dirección.
- MICXNACD: Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento- Interuniversitario.
- MUIB: Máster Universitario en Investigación Biomédica.
- MUSP: Máster Universitario en Saúde Pública.
- PAS: Persoal de Administración e Servizos.
- PDI: Persoal Docente e Investigador.
- RAM: Responsable Académico de Mobilidade.
- RCC: Responsable de Calidade do Centro.
- SGIC: Sistema de Garantía Interna de Calidade.

## ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN DO CENTRO .....	3
2. POLÍTICA DE CALIDADE .....	19
3. ESTRUTURA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SGIC.....	21
4. MAPA DE PROCESOS.....	33
5. INDICADORES .....	37
6. EVIDENCIAS DO SISTEMA.....	38

## 1. PRESENTACIÓN DO CENTRO

### 1.1. OBXECTO

Este capítulo ten por obxecto presentar a Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela respecto de: os estudos que atende, a súa situación dentro da USC, a súa estrutura organizativa, o persoal académico e de apoio que a forma, e os regulamentos e normas e outros aspectos que resulten de interese a efectos da súa identificación para a implantación do seu Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC).

### 1.2. DESENVOLVEMENTO

#### 1.2.1 PRESENTACIÓN

A Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela ten as súas orixes no ano 1648, e dende entón, ocúpase de xeito exclusivo da formación dos médicos e dos odontólogos en Galicia. Dende a súa incorporación á universidade no século XVII as súas sucesivas sedes foron o Colexio de Fonseca desde 1648 a 1769; logo trasladouse ao Colexio da Compañía de Xesús, pero ao ser esta expulsada de España por Carlos III, pasou novamente a Fonseca en 1846, onde permaneceu ata que se inaugurou en 1928 a actual sede da Facultade na rúa de San Francisco.

A formación en Odontoloxía na Universidade de Santiago é máis recente, iniciando a súa andadura como Escola de Estomatoloxía en 1983 cun curso experimental no Servizo Rexional de Cirurxía Oral e Máxilofacial do Hospital Xeral de Galicia dirixido polo Profesor José María Suárez Núñez, entón Reitor. No curso académico 1984-85 construíuse un edificio adicional entre a Facultade de Medicina e o antigo Hospital Xeral de Galicia para impartir a docencia desa titulación, e finalmente en agosto de 1988 creouse a Licenciatura de Odontoloxía, polo que ambos edificios pasaron a denominarse dende ese momento *Facultade de Medicina e Odontoloxía*.

Ata mediados do século XIX, a Facultade utilizaba para a docencia práctica dos

futuros médicos as instalación do antigo Gran Hospital Real construído entre 1501 e 1511 por orde dos Reis católicos para acoller e asistir aos numerosos peregrinos que percorrían o Camiño de Santiago.

Chegou a ter unha sección independente que pasou a depender da Facultade de Medicina. En setembro de 1953 o Hospital Real baleirouse para construír nel o actual Hostal dos Reis Católicos, trasladando aos pacientes a un novo edificio na rúa Galeras, construíndose máis tarde ao seu carón o Hospital Xeral de Galicia, que se ocupou en novembro de 1972.

Na actualidade os tres primeiros cursos do Grao en Medicina impártense nas aulas e laboratorios do histórico edificio da rúa San Francisco; e os tres cursos superiores no Pavillón docente Nóvoa Santos, construído a carón do Hospital Clínico Universitario de Santiago, e onde se está a desenvolver a docencia das prácticas clínicas dende 1999. Existe un convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e outro entre as tres universidades de Galicia e as consellerías de Sanidade e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a colaboración na docencia clínica do Grao de Medicina da USC, que aseguran a docencia clínica que deben recibir os alumnos do Grao de Medicina nos Complexos Hospitalarios Universitarios e nos Centros Sanitarios e Centros de Saúde dependentes do Servizo Galego de Saúde na Comunidade Autónoma Galega.

A Facultade de Medicina e Odontoloxía conta cun cadro de profesores e investigadores de recoñecido prestixio internacional, comprometidos en trasladar os avances biomédicos máis importantes ao servizo da sociedade, e en ofrecer os estudantes unha formación ao máis alto nivel.

Entre os alumnado que pasou polas aulas da Facultade cabe destacar, entre outras personalidades, a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, grande escritor e político galeguista; e a Elisa e Jimena Fernández de la Vega, médicas e investigadoras que foron as primeiras mulleres tituladas nunha universidade galega.

Nas aulas do edificio histórico da Facultade e do Pavillón docente impártense seis titulacións, dous de Grao e catro de Máster:

- Grao en Medicina: Decreto 150/2010 do 16 de setembro (DOG 23/09/10), Resolución de 22 de novembro de 2010 (BOE nº 305, 16/12/ 2010) e Resolución de 17 de febreiro de 2011 (BOE nº 53, 03/03/2011).

- Grao en Odontoloxía: Decreto 150/2010 de 16 de setembro (DOG 23/09/10), Resolución de 22 de novembro de 2010 (BOE nº 305, 16/12/ 2010) e Resolución de 17 de febreiro de 2011 (BOE nº 53, 03/03/2011).
- Master Universitario en Investigación Biomédica: Decreto 434/2009 do 3 de decembro (DOG 15/12/2009), Resolución do 26 de Setembro de 2017 (BOE nº 253, 20/10/2017).
- Máster Universitario en Saúde Pública: Decreto 150/2010 de 16 de setembro (DOG 23/09/2010), Resolución do 14 de Febreiro de 2011 (BOE nº 50, 28/02/2011).
- Máster Universitario en Investigación en Ciencias da Visión- Interuniversitario: Orde do 30/05/2014 (DOG 12/06/2014) ), Resolución do 2 de outubro de 2014 (BOE nº 253, 18/10/2014).
- Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento- Interuniversitario: Decreto 150/2010 de 16 de setembro (DOG 23/06/2010), Resolución do 5 marzo de 2012 (BOE nº 112, 10/05/2012).

O profesorado da Facultade de Medicina e Odontoloxía tamén participa na docencia de grao e posgrao que se imparte noutros centros da USC ou noutras titulacións interuniversitarias.

## 1.2.2 ÓRGANOS DE GOBERNO. COMISIÓNS

Os órganos de goberno da Facultade de Medicina e Odontoloxía son o equipo decanal e a Xunta de Facultade, que se organiza nunha comisión permanente e en comisións delegadas para a asistencia nas súas funcións. A facultade tamén conta con comisións específicas, creadas ao abeiro de distintas normativas e que desenvolven funcións por elas encomendadas. Descríbense a continuación a composición e competencias dos distintos órganos de goberno que conforman a Facultade.

### EQUIPO DECANAL

#### COMPOSICIÓN

O equipo decanal da Facultade de Medicina e Odontoloxía está formado polos seguintes cargos académicos:

- Decano ou decana
- Secretario ou secretaria académico/a
- Vicedecano ou vicedecana de Intercambios, Calidade e Innovación Docente.
- Vicedecano ou vicedecana de Docencia Clínica.
- Vicedecano ou vicedecana de Odontoloxía.

#### COMPETENCIAS

O/A decano/a ten as competencias que lle atribúen os Estatutos da Universidade (Art. 100), sendo o órgano unipersoal de dirección executiva e de xestión do Centro. Representa á facultade, preside o seus órganos colexiados, e executa os seus acordos.

O/a secretario/a académico/a da facultade é nomeado/a polo reitor, a proposta do/da decano/a de entre o profesorado que reúna os requisitos establecidos polo artigo 101 dos Estatutos da Universidade. O/a secretario/a é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno da facultade, e ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro, ademais daqueloutras funcións que lle encomenden o/a decano/a, e a lexislación vixente (Art. 101 dos Estatutos)..

Os/as vicedecanos/as tamén son nomeados polo reitor, a proposta do/da decano/a, entre os membros da comunidade universitaria da facultade que reúnan os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos. É labor dos/as vicedecanos/as coordinar ou

dirixir, baixo a autoridade do/a decano/a, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos (Art. 102 dos Estatutos).

## XUNTA DE FACULTADE

### DESCRIPCIÓN

A Xunta de Facultade é o órgano de goberno do Centro, que aproba as liñas xerais de actuación do ámbito da facultade e supervisa o traballo dos seus órganos de dirección e xestión. A Xunta de Facultade actuará en Pleno ou en Comisión Permanente. Está dotada de Comisións estables e de Comisións específicas, que a asisten e asesoran nas súas funcións.

### COMPOSICIÓN

Forman parte da Xunta de Facultade (Art. 95 dos Estatutos):

- a) O/A decano/a, que a convoca e preside.
- b) Os/as vicedecanos/as.
- c) O/A secretario/a da facultade, que o será tamén da Xunta de Facultade.
- d) O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos (Xestor/a de centro).
- e) O/A director/a da biblioteca do centro.
- f) O seguinte persoal docente e investigador (PDI) con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35 % da capacidade docente dun profesor a tempo completo:
  - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51 %.
  - O resto, sempre que non exceda o 10 % do total da Xunta. O PDI a tempo parcial non poderá representar máis do 5%.Ademais, á Xunta de Facultade poderá ser convocado, con voz pero sen voto, e sempre que o solicite, todo o PDI que imparta docencia no Centro, aínda que non pertenza a mesma.
- g) Unha representación do alumnado do 32 %. Polo menos o 20% serán estudantes de grao.
- h) Unha representación do persoal de administración e servizos (PAS) censado no centro, nunha proporción do 7 % do total da Xunta, cun mínimo de dous.



Conforme establecen os Estatutos da USC, todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano (Artigo 95.3). O PDI e mailo estudiantado estarán censados soamente nun centro desta universidade (Artigo 95.4).

### COMPETENCIAS

Son competencias da Xunta de Facultade (Art. 98 dos Estatutos) :

- a) A elección do/a decano/a e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.
- b) A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- g) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.
- h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- i) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de Departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- k) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.
- l) Calquera outra competencia que lle atribúan os estatutos ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

### 1.2.3 COMISIÓNS

#### COMISIÓNS

As comisións delegadas son instancias de asesoramento, que actúan por delegación da Xunta de Facultade, que creará as que estime oportunas para o desempeño das súas competencias. A súa función é emitir informes, coordinar, estudar, elaborar propostas de carácter operativo e/ou resolver os asuntos que o Regulamento de réxime interno da facultade ou os órganos competentes de goberno da facultade lles encomenden.

A Xunta de Facultade conta coas seguintes comisións delegadas que teñen un carácter estable:

- Comisión Permanente (CP).
- Comisión de Normalización Lingüística (CNL).
- Comisión de Validacións do Grao en Medicina (CVM).
- Comisión de Validacións do Grao en Odontoloxía (CVO).

Ademais, a facultade dispón das seguintes comisións específicas:

- Comisión de Calidade do Centro (CCC).
- Comisións de Títulos (CT).
- Comisión de Biblioteca (CB)
- Comité Consultivo (CC)
- Comisión de Traballo Fin de Grao e da Avaliación de Competencias Obxectiva Estruturada de Medicina (CTFG-ACOE).
- Comisión do Traballo Fin de Grao de Odontoloxía (CTFG-O).
- Comisión de Mobilidade (CM).

#### COMISIÓNS DELEGADAS E ESPECÍFICAS

##### COMISIÓN PERMANENTE (CP)

###### DESCRIPCIÓN

A Comisión Permanente é o órgano deliberante e executivo da Xunta de Facultade que actúa por delegación e ten a súa representación permanente para axilizar a xestión dos asuntos da súa competencia. As decisións que adopte sobre estes serán vinculantes para a Xunta de Facultade, a menos que se produza unha revogación expresa destas no seu pleno.

## **COMPOSICIÓN**

- a) O/A decano/a , que a convoca e preside, agás cando deba facelo o seu substituto.
- b) Os/As vicedecanos/as.
- c) O/A secretario/a da facultade, que o será tamén desta Comisión.
- d) Dez membros do PDI con vinculación permanente, entre os que estarán os/as directores/as dos departamentos con sede na Facultade de Medicina e Odontoloxía, ou persoas en quen deleguen.
- e) Dous membros do PDI sen vinculación permanente.
- f) Catro estudantes de grao (dous do grao en Medicina, e dous do grao en Odontoloxía).
- g) Un estudante de posgrao.
- h) O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión dos Centros e Departamentos (Xestor/a de centro).

## **COMPETENCIAS**

Son competencias da Comisión Permanente, por delegación da Xunta de Facultade:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
- b) Coñecer e adoptar acordos sobre aqueles asuntos que, sendo competencia da Xunta de Facultade e non estando expresamente reservados ao pleno, fóranlle delegados por este.
- c) Asesorar en todas as cuestións que o/a decano/a lle someta no exercicio das súas competencias.
- d) Coñecer e decidir sobre os asuntos que lle sexan presentados polas Comisións delegadas e eivalos, no seu caso, ao pleno.

En ningún caso se poderán delegar na Comisión Permanente as competencias de elección de decano/a; de aprobación dos proxectos de plans de estudos; de proposta de implantación de novas titulacións, e de informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos que os Estatutos da USC encomendan á Xunta de Facultade.

## **COMITÉ CONSULTIVO (CC)**

A descrición, composición e competencias do CC descríbense no apartado 3.4.2.

## **COMISIÓN DE CALIDADE DO CENTRO (CCC)**

A descrición, composición e competencias da CCC descríbense no apartado 3.4.3.

## **COMISIONS DE TÍTULO (CT)**

A descrición, composición e competencias das comisións de títulos de grao e mestrado

describense no apartado 3.4.5.

### **COMISIÓN DE BIBLIOTECA (CB)**

#### **DESCRIPCIÓN**

A Comisión de Biblioteca créase de acordo co artigo 150.3 dos Estatutos da USC e as súas funcións están supeditadas ao regulamento da Biblioteca Universitaria.

#### **COMPOSICIÓN**

- a) O/A decano/a, ou persoa na que delegue, que actuará como presidente/a.
- b) O/A director/a da Biblioteca da facultade, que actuará como secretario/a.
- c) Un membro do PDI por cada departamento vinculado á facultade, elixido entre o profesorado do Departamento con docencia no centro e que forme parte da Xunta de Facultade.
- d) Un membro do PAS da biblioteca da facultade.
- e) Dous estudantes de grao elixidos entre o alumnado que forme parte da Xunta de Facultade.
- f) Un estudante de posgrao elixido entre o alumnado que forme parte da Xunta de Facultade.

#### **COMPETENCIAS**

- a) Aprobar as directrices de desenvolvemento das coleccións bibliográficas e propoñer a distribución do orzamento correspondente, no ámbito da súa competencia, de acordo coas liñas xerais emanadas da Comisión da Biblioteca Universitaria.
- b) Participar na elaboración das normas de funcionamento dos servizos bibliotecarios, que estarán a disposición dos lectores na biblioteca da facultade.
- c) Aprobar o informe anual da biblioteca da facultade e elevalo á dirección da Biblioteca Universitaria.
- d) Asesorar nas diferenzas de criterio que podan xurdir entre a biblioteca e calquera dos seus usuarios.
- e) Propoñer as medidas previstas no Regulamento da biblioteca universitaria contra os infractores das normas dos usuarios.
- f) Asesorar en todos os asuntos que pola súa importancia se considere necesario someter a súa consideración.
- g) Garantir, en réxime de consulta e/ou préstamo, un número de exemplares axeitado da bibliografía obrigatoria de todas as materias para o alumnado universitario.

### **COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CNL)**

### COMPOSICIÓN

- a) O/A decano/a, ou persoa na que delegue, que actuará como presidente/a.
- b) O/A secretario/a da facultade, que o será tamén desta comisión.
- c) Un membro do PDI por cada departamento vinculado á facultade, elixido entre o profesorado do departamento con docencia no centro.
- d) Dous estudantes de grao, elixidos entre alumnado que forme parte da Xunta de Facultade.
- e) Un estudante de posgrao, elixido entre o alumnado que forme parte da Xunta de Facultade.
- f) Dous representantes do PAS elixidos entre o persoal de administración e servizos que forme parte da Xunta de Facultade.

### COMPETENCIAS

- a) Impulsar o cumprimento da normativa en materia de normalización lingüística no ámbito da Facultade.
- b) Promover o uso normalizado do galego en todas as actividades que se desenvolvan nela.

### COMISIÓN DE VALIDACIÓNS DO GRAO EN MEDICINA (CVM) E DO GRAO EN ODONTOLOXÍA (CVO)

#### COMPOSICIÓN

- a) O/A decano/a ou persoa en que delegue, que a convoca e a preside.
- b) O/A secretario/a da facultade, que o é tamén da comisión.
- c) Un membro do PDI funcionario, contratado ou en formación, por área de coñecemento con docencia adscrita á correspondente titulación de grao en Medicina/Odontoloxía, a proposta destas.
- d) Un membro do PAS do centro.
- e) Outros membros que o/a decano/a da facultade considere oportuno propoñer cando o proceso de validación e recoñecemento así o requira.

#### COMPETENCIAS

- a) Informar as solicitudes de adaptación de estudos das titulacións encargadas á facultade, cursados noutras universidades.
- b) Informar as solicitudes de validación de materias cursadas en titulacións universitarias

diferentes ás encargadas á facultade.

c) Informar as solicitudes de equivalencia de títulos universitarios obtidos en universidades doutros países no ámbito de coñecemento dos estudos encargados á facultade.

d) Informar sobre calquera outro proceso de recoñecemento de estudos cursados en outras titulacións ou universidades que puideran ser encargados á facultade.

### **COMISIÓN DE TRABALLO FIN DE GRAO E DA AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS OBXECTIVA ESTRUTURADA DE MEDICINA (CTFG-ACOE)**

#### **COMPETENCIAS**

A Comisión de TFG-ACOE é o órgano de coordinación e xestión de todas as cuestións propias do Traballo Fin de Grao e das do sistema de Avaliación de Competencias Obxectiva Estruturada de Medicina

#### **COMPOSICIÓN**

- a) O/A decano/a ou persoa en quen delegue, que a convoca e a preside.
- b) O/A secretario/a da facultade, que o será tamén da comisión.
- c) O/A coordinador/a do TFG de medicina.
- d) O/A coordinador/a da ACOE.
- e) Os/as directores/as de departamento con docencia no grao en Medicina, ou persoas en que deleguen.
- e) O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión dos Centros e Departamentos (Xestor/a de centro).

#### **COMPETENCIAS TFG**

- a) Establecer a convocatoria anual de presentación de propostas do TFG.
- b) Aprobar as propostas de TFG.
- c) Asignación dos titores/as e co titores/as.
- d) Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignados.
- e) Nomear os tribunais de avaliación.
- f) Establecer as datas de presentación dos TFG.
- g) Xestionar a documentación.
- h) Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- i) Atribución de matrículas de honra.
- j) Avaliación da vulneración de dereitos de propiedade intelectual, a instancia do tribunal do

TFG correspondente, si houberse sospeitas de que se produciu.

- k) Resolver as incidencias graves relativas a esta materia, e calquera outra competencia resultante da aplicación do Regulamento do TFG de medicina, ou que a Xunta de Facultade lle encomende.

### COMPETENCIAS ACOE

- a) Definir os compoñentes competenciais obxecto de avaliación e a súa ponderación na proba.
- b) Establecer a estrutura metodolóxica da ACOE (instrumentos de avaliación, e tipos de estación).
- c) Propoñer a asignación das estacións clínicas da ACOE as áreas dos departamentos con docencia no Grao en Medicina.
- d) Planificar o organigrama loxístico da ACOE.
- e) Propoñer as datas de celebración da ACOE.
- f) Establecer mecanismos de coordinación entre os distintos niveis de xestión da ACOE.
- g) Analizar os resultados da ACOE e súa implicación na calidade da práctica clínica da titulación, propoñendo accións de mellora do programa formativo.

### COMISIÓN DE TRABALLO FIN DE GRAO DE ODONTOLOXÍA (CTFG-O)

#### COMPETENCIAS

A Comisión de TFG-O é o órgano de coordinación e xestión de todas as cuestións propias do Traballo fin de grao.

#### COMPOSICIÓN

- a) O/A decano/a ou persoa en que delegue, que a convoca e a preside.
- b) O/A secretario/a da facultade, que o será tamén da comisión.
- c) O/A coordinador/a do TFG de odontoloxía.
- d) O/A coordinador/a da área de estomatoloxía.
- e) Os/as directores/as de departamento, ou persoas en que deleguen, con docencia no grao en Odontoloxía.
- f) O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión dos Centros e Departamentos (Xestor/a de centro).

#### COMPETENCIAS

- a) Establecer a convocatoria anual de presentación de propostas do TFG.

- b) Aprobar as propostas de TFG.
- c) Asignación dos titores/as e co titores/as.
- d) Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignados.
- e) Nomear os tribunais de avaliación.
- f) Establecer as datas de presentación dos TFG.
- g) Xestionar a documentación.
- h) Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- i) Atribución de matrículas de honra.
- j) Avaliación da vulneración de dereitos de propiedade intelectual, a instancia do tribunal do TFG correspondente, si houberse sospeitas de que se produciu.
- k) Resolver as incidencias graves relativas a esta materia, e calquera outra competencia resultante da aplicación do Regulamento do TFG de medicina, ou que a Xunta de Facultade lle encomende.

#### **COMISIÓN DE MOBILIDADE (CM)**

##### **COMPOSICIÓN**

- a) O/A decano/a ou persoa en que delegue, que a convoca e a preside.
- b) O/A secretario/a da facultade, que o será tamén da comisión.
- c) O/A responsable académico de mobilidade (RAM) do centro.
- d) Os/As coordinadores académicos de mobilidade.
- e) Tres representantes dos estudantes.
- e) O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos (Xestor/a de centro).

##### **COMPETENCIAS**

- a) Proponer accións coordinadas sobre o seguimento dos programas de mobilidade do centro.
- b) Participar na selección de estudantes de mobilidade naqueles programas e procesos que así o determinen.
- c) Avaliar as propostas de novos convenios de mobilidade con outros centros.
- d) Participar na promoción e difusión dos programas de mobilidade no centro.
- e) Atender as incidencias que se produzan na coordinación e seguimento dos programas de mobilidade do centro.



#### 1.2.4 ORGANIGRAMA

---

Na Figura 1 achégase un organigrama completo da Facultade de Medicina e Odontoloxía, onde se inclúen os seus órganos de goberno (membros do equipo decanal e Xunta de Facultade) xunto coas distintas comisións delegadas e específicas.

Na sección dedicada á descrición da estrutura do centro para o desenvolvemento do SGIC detallarase a composición da Comisión de Calidade (CCC) e doutras comisións, que tamén se inclúen no organigrama.

Administrativamente, a Facultade de Medicina e Odontoloxía dispón dun/dunha responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos (Xestor/a de centro) que coordina e supervisa as funcións de todo o persoal de administración e servizos (PAS) do centro, agás o PAS da Biblioteca.




Figura 1. Organigrama da Facultade de Medicina e Odontoloxía

### 1.2.5 REGULAMENTOS

---

- Regulamento de réxime interno da Facultade de Medicina e Odontoloxía (aprobado pola Xunta de Facultade o 19 de decembro de 2011).
- Actas cos acordos da Xunta de Facultade e das distintas comisións delegadas.
- Regulamentos de réxime interno dos departamentos adscritos á facultade.
- Regulamentos dos TFG de Medicina e de Odontoloxía.
- Memoria do grao en Medicina.
- Memoria do grao en Odontoloxía
- Memorias das titulacións de mestrado adscritas á Facultade.

### 1.2.6 DATOS DE IDENTIFICACIÓN

---

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	<b>Facultade de Medicina e Odontoloxía</b>
<b>DOMICILIO SOCIAL:</b>	<b>Rúa San Francisco s/n 15782 Santiago de Compostela</b>
<b>C. I. F. (DA USC)</b>	<b>Q1518001A</b>
<b>E-MAIL</b>	<b><a href="mailto:zmeddeca@usc.es">zmeddeca@usc.es</a></b>
<b>TELÉFONO</b>	<b>+ 881 812 237</b>
<b>TELEFAX</b>	<b>+ 881 812 430</b>

## 2. POLÍTICA DE CALIDADE

A Facultade de Medicina e Odontoloxía desenvolve a súa política de calidade a través do seu plan estratéxico, a súa programación plurianual e o plan anual de melloras, que se elaborarán e aprobarán de acordo co establecido no proceso *PE-01, Política e Obxectivos de Calidade do centro*.

Para evidenciar o compromiso da dirección con esa política de calidade, cada equipo directivo, por medio do/a decano/a, subscribirá o documento que se achega, o cal será divulgado polos medios de información pública correspondentes:

A Facultade de Medicina e Odontoloxía é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico) a Facultade de Medicina e Odontoloxía elabora a súa política marcándose como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Esta facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garanten a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garanten as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que rende contas do investimento e optimización dos seus recursos.

Esta facultade dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos

Por todo iso, esta facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade e establece a súa política baixo estes principios:

- Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- Integración, participación e igualdade: esta facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- Orientación ao alumno: este centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.
- Excelencia: o traballo desta facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais facultades recoñecidas.
- Transparencia: Esta facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A dirección desta facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o decano subscribe este documento de política de calidade o día **XX de XX de XXXX**.

O/a decano/a

### 3. ESTRUTURA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SGIC

#### 3.1. OBXECTO

O obxecto deste capítulo é indicar a estrutura que a Facultade de Medicina e Odontoloxía estableceu para lograr o desenvolvemento e cumprimento dos obxectivos marcados no seu Sistema de garantía interna da calidade (SGIC).

#### 3.2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

As titulacións que se imparten na Facultade de Medicina e Odontoloxía son:

- a. Grao en Medicina
- b. Grao en Odontoloxía
- c. Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento – Interuniversitario (MICXNACD)
- d. Máster Universitario en Investigación Biomédica (MUIB)
- e. Máster Universitario de Investigación en Ciencias da Visión – Interuniversitario (MICV).
- f. Máster Universitario en Saúde Pública (MUSP)

A Facultade de Medicina e Odontoloxía conta na actualidade con 318 membros de persoal docente e investigador, 2.674 estudantes de grao e de mestrado, e con 41 membros de persoal de administración e servizos.

Tras a reorganización dos departamentos acordada no Consello de Goberno da USC (1-03-2016), os departamentos con áreas en Ciencias da Saúde e sede administrativa na facultade, que na actualidade son responsables da docencia dos títulos adscritos á ela, son os seguintes:

- Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría.

- Departamento de Ciencias Morfolóxicas.
- Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas
- Departamento de Fisioloxía
- Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina.

Tamén imparten docencia nos títulos do centro as seguintes áreas doutros Departamentos da USC:

- Área de Bioquímica do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular.
- Área de Estatística e Investigación Operativa do Departamento de Análise Matemática, Estatística e Optimización.
- Área de Farmacoloxía do Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica.
- Área de Historia da Ciencia do Departamento de Filosofía e Antropoloxía.
- Área de Microbioloxía do Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía

### 3.3. DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA

- Normativa xeral estatal, autonómica e da USC.
- Manual do SGIC e procesos asociados.
- Memoria do Grao en Medicina.
- Memoria do Grao en Odontoloxía.
- Memoria do Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento-Interuniversitario.
- Memoria do Máster Universitario en Investigación Biomédica.
- Memoria do Máster Universitario en Investigación en Ciencias da

Visión-Interuniversitario.

- Memoria do Máster Universitario en Saúde Pública.

## 3.4. DESENVOLVEMENTO

### 3.4.1. EQUIPO DE DIRECCIÓN

O equipo de dirección (ED) do centro, e en particular o seu decano/a como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGIC, as súas funcións son as seguintes:

- a) **Asinar e difundir** a política e obxectivos de calidade do centro.
- b) **Liderar** o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGIC do centro.
- c) **Nomear** ao responsable de calidade do centro, sempre que o considere oportuno.
- d) **Propoñer** á Xunta de Facultade para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das comisións das titulacións de grao.
- e) **Garantir** o bo funcionamento do SGIC do centro.
- f) **Informar** a todo o persoal do centro do SGIC e dos cambios que nel se realicen.
- g) **Garantir** que todo o persoal do centro teña acceso aos documentos do SGIC que lles sexan de aplicación.
- h) **Informar** á Xunta de Centro dos traballos e acordos da Comisión de Calidade do Centro.
- i) **Presentar** á Xunta de Centro, para a súa aprobación, a Memoria de calidade do centro (Informe de seguimento do SGIC, proposta do Plan de melloras anual do centro e Informes de seguimento dos Títulos).

### 3.4.2. COMITÉ CONSULTIVO



## **COMITE CONSULTIVO (CC)**

### **DESCRICIÓN**

O Comité Consultivo da Facultade de Medicina e Odontoloxía ten a finalidade de asesorar ao equipo decanal e servir de foro interno para contrastar opinións e información sobre as actividades profesionais, de negocio ou de interese social que estean relacionadas coa actividade da facultade, e que faciliten o seu desenvolvemento e a súa proxección social. A participación no Comité Consultivo ten carácter voluntario e non é vinculante, os seus membros non poden ostentar outra condición distinta que a de meros asesores, aportando o seu consello ou opinión no devandito foro. A composición do Comité Consultivo e a designación dos seus membros realizaranse a proposta do Decano/a e someterase á aprobación da Xunta de Facultade.

### **COMPOSICIÓN**

- a) Decano/a da Facultade de Medicina e Odontoloxía ou persoa na que delegue, que o convoca e preside (membro nato).
- b) Presidente/a do Consello Económico e Social da USC ou persoa na que delegue (membro nato).
- c) Responsable de calidade do centro –RCC (membro nato).
- d) Directivo/a de empresa: Xerente/a do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (membro proposto).
- e) Representante do ámbito da administración sanitaria (membro proposto).
- f) Representante do ámbito científico e universitario alleo á facultade (membro proposto).
- g) Representante de ONG vinculada á Medicina e/ou á Odontoloxía (membro proposto).
- h) Representantes de colexios profesionais: Presidente/a do Consello Galego de Colexios Médicos, e Presidente/a do Consello Galego de Odontólogos e Estomatólogo (dous membros propostos).
- i) Antigo alumno/a dos últimos seis anos do Grao en Medicina ou do Grao en Odontoloxía (un membro proposto).
- j) Membros da comunidade universitaria (membro proposto).
- k) Un/unha médico/a interno/a residente (MIR) e un/unha odontólogo/a do Servizo

Galego de Saúde- SERGAS ( Dous membros propostos).

- l) Profesor/a de medicina e /ou odontoloxía dunha universidade estranxeira (membro proposto).
- m) Profesor/a de medicina e /ou odontoloxía dunha universidade española (membro proposto).

### COMPETENCIAS

As funcións principais do Comité Consultivo son as seguintes:

- a) Debater as tendencias e cambios nas demandas sociais que resulten de interese para o desenvolvemento da actividade docente e investigadora da facultade.
- b) Canalizar á información resultante das actividades da facultade á sociedade.
- c) Prestar apoio na elaboración e na implantación dos plans estratéxicos da facultade.
- d) Proporcionar consello, opinión e visión externa para que a facultade poida proxectarse máis intensamente na súa contorna.

A participación dos membros electos no Comité Consultivo ten carácter voluntario e non remunerado. A vinculación dos membros do Comité Consultivo establécese por un período de 4 anos, con posibilidade dunha única renovación.

### 3.4.3. COMISIÓN DE CALIDADE DO CENTRO (CCC)

#### COMISION DE CALIDADE DA FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXIA (CCC)

##### DESCRIPCIÓN

A Comisión de Calidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. A CCC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, levantará acta de cada unha das súas sesións e divulgará á comunidade universitaria da facultade as análises e as decisións tomadas no seu seo.

##### COMPOSICIÓN

- a) O/A decano/a da Facultade de Medicina e Odontoloxía, que a preside (membro nato)
- b) O/A responsable de calidade do centro (RCC): vicedecano/a de Intercambios, Calidade e Innovación Docente (membro nato)
- c) O/A secretario/a do centro, que o será tamén da comisión (membro proposto)
- d) O/A coordinador/a do Grao en Medicina: vicedecano/a de Intercambios, Calidade e Innovación Docente (membro nato)
- e) O/A coordinador/a do Grao en Odontoloxía: vicedecano/a de Odontoloxía (membro nato)
- f) O/A coordinador/a do Máster Universitario en Investigación Biomédica (membro nato)
- g) O/A coordinador/a do Máster Universitario en Saúde Pública (membro nato)
- h) O/A coordinador/a do Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento – Interuniversitario (membro nato)
- i) O/A coordinador/a do Máster Universitario de Investigación en Ciencias da Visión (membro nato)
- j) O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos (membro nato)
- k) Un estudante de Medicina e outro de Odontoloxía (dous membros propostos).

- l) Un representante do Comité consultivo (membro proposto).
- m) Outros membros que o decano/a da facultade considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGIC, entre os que se incluírá un representante dos departamentos con docencia na facultade.

### COMPETENCIAS

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o **deseño, a implantación, o seguimento e mellora** do SGIC no centro.
- Elaborar a **Memoria de calidade** do centro que englobará distintos informes e memorias:
  - Proposta do **Plan anual de melloras** do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
  - **Informe de Seguimento da Implantación do SGIC** e as súas **Propostas de Mellora**.
  - **Informes de Seguimento dos Títulos de Grao e Máster** adscritos á Facultade.

#### 3.4.4. RESPONSABLE DE CALIDADE DO CENTRO (RCC)

O/a vicedecano/a de Intercambios, Calidade e Innovación Docente asume as competencias relacionadas a continuación como responsable de calidade do centro (RCC) . Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCC.
- Trasladar á CCC e ás comisión/s responsables da coordinación docente dos títulos a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCC para mellorar o SGIC no centro.

- Ser o interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da vicerreitoría con competencias en calidade e planificación.
- Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGIC nos centros aprobados pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno.
- Dirixir a elaboración da Memoria de calidade do centro.

#### 3.4.5. COMISIÓNS DE TÍTULO

---

A Facultade de Medicina e Odontoloxía conta con comisións de título para cada unha das titulacións que ten adscritas.

Son **competencias** da comisión de título:

- a) Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título, para a súa aprobación pola Xunta de Facultade e posterior aprobación polo Consello de Goberno visto o informe emitido pola Xunta de centro.
- b) Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes, para a súa aprobación pola Xunta de Facultade e posterior aprobación pola Vicerreitoría con competencias na materia.. Unha vez comunicada por parte do centro a aprobación do PDA aos departamentos que interveñen na docencia do título, estes asignarán o profesorado ás materias do título de acordo coa normativa vixente e a cualificación docente e investigadora do PDI.
- c) Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa tramitación pola vicerreitoría competente, indicando os custos e recursos cos que conta para a súa participación.
- d) Analizar a guía docente (programación) de cada materia previamente aprobada polo Departamento que ten asignado a encarga docente, para supervisar que o programa e demais partes da programación anual de cada materia se adaptan á memoria verificada do título (MVT) vixente e dar traslado do seu informe á Xunta de Facultade para a súa

aprobación.

e) Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no título.

f) Tramitar propostas de modificación do título consonte ao establecido na normativa en vigor.

g) Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do programa e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

#### COMISIÓN DE TÍTULO DO GRAO EN MEDICINA (CTM)

##### DESCRIPCIÓN

A Comisión do Grao en Medicina ten por finalidade a xestión da titulación, e ocúpase daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria, de acordo co SGIC da facultade.

##### COMPOSICIÓN

- a) O/a decano ou persoa na que delegue, que a convoca e preside (membro nato).
- b) O/A coordinador/a do título (membro nato).
- c) O/A secretario/a, que o será tamén da comisión (membro proposto).
- d) O/A responsable de calidade do centro (RCC) (membro nato).
- e) Os/As coordinadores/as de curso do Grao en Medicina (seis membros propostos).
- f) O/A coordinador/a académico/a da ACOE (membro proposto).
- g) Un representante dos departamentos con encargo docente no título (membro proposto).
- h) O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos (membro nato).
- i) Dous estudantes do Grao en Medicina que sexan delegados de curso (dous membros propostos).
- j) Outros membros externos propostos polo decano á Xunta de Facultade (con voz pero sen voto) cando así o demande a natureza do título.

### COMISIÓN DE TÍTULO DO GRAO EN ODONTOLOXÍA (CTO)

#### DESCRIPCIÓN

A Comisión do Grao en Odontoloxía ten por finalidade a xestión da titulación, e ocúpase daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria, de acordo co SGIC da facultade.

#### COMPOSICIÓN

- a) O/a decano ou persoa na que delegue, que a convoca e preside (membro nato).
- b) O/A coordinador/a do título (membro nato).
- c) O/A secretario/a, que o é tamén da Comisión (membro proposto).
- d) O/A responsable de calidade do centro (RCC) (membro nato).
- e) O/A coordinador/a de área de Estomatoloxía. (membro proposto).
- f) Os/As coordinadores/as de curso do Grao en Odontoloxía (cinco membros propostos).
- g) O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos (membro nato).
- h) Un representante dos departamentos con encargo docente no título (membro proposto).
- i) Dous estudantes de Grao en Odontoloxía que sexan delegado de curso (membros proposto).
- j) Outros membros externos propostos polo decano (con voz pero sen voto), cando así o demande a natureza do título.

### COMISIÓN ACADÉMICA DO MASTER UNIVERSITARIO EN INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA (CMUIB)

#### DESCRIPCIÓN

A Comisión do MUIB é o órgano colexiado ordinario que ten por finalidade a xestión da titulación, e ocúpase daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria, de acordo co SGIC da facultade.

#### COMPOSICIÓN

- a) O/a decano ou persoa na que delegue, que a convoca e preside (membro

nato).

b) O/A coordinador/a do título (membro nato).

c) Un/ha secretario/a, que será elixido entre os membros da comisión (membro proposto).

d) O/A responsable de calidade do centro (RCC) (membro nato).

e) Persoal docente e investigador con docencia no título (oito membros propostos).

f) O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos (membro nato).

g) Estudantes do título (dous membro propostos)

h) Outros membros externos propostos polo decano (con voz pero sen voto), cando así o demande a natureza do título.

### COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN SAÚDE PÚBLICA (CMUSP)

#### DESCRIPCIÓN

A Comisión do MUSP é o órgano colexiado ordinario que ten por finalidade a xestión da titulación, e ocúpase daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria, de acordo co SGIC da facultade.

#### COMPOSICIÓN

a) O/a decano ou persoa na que delegue, que a convoca (membro nato).

b) O/A coordinador/a do título (membro nato).

c) Un/ha secretario/a, que será elixido entre os membros da comisión (membro proposto).

d) O/A responsable de calidade do centro (RCC) (membro nato).

e) Persoal docente e investigador con docencia no título (nove membros propostos).

f) f) O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos (membro nato).

g) Estudantes do título (un membro proposto)

h) Outros membros externos propostos polo decano (con voz pero sen voto),



cando así o demande a natureza do título.

### 3.4.6. COORDINADOR/A DE TÍTULO (CDT)

O/A coordinador/a do título é a figura responsable de lideralo e organizalo. Para o Grao en Medicina e o Grao en Odontoloxía, estas competencias recaen no/na vicedecano/a de Intercambios, Calidade e Innovación Docente, e no/a vicedecano/a de Odontoloxía, respectivamente.

Os/As coordinadores/as de título forman parte da CCC e das respectivas CT. No caso dos títulos de MICXNACD e de MICV, ao tratarse de titulacións interuniversitarias coordinadas por outra universidade, os/as coordinadores/as responsables do título na USC forman parte das respectivas comisións interuniversitarias establecido no correspondente convenio regulador.

Son **funcións** do/da coordinador/a de grao:

- a) Actuar en representación do título, dirixilo e coordinalo.
- b) Dar traslado da proposta de PDA formulada pola comisión do título, caso de que a comisión do título teña esas competencias, ao/á decano/a, para a súa aprobación inicial pola xunta de centro e posterior aprobación pola Vicerreitoría con competencias na materia.
- c) Difundir entre o profesorado do título calquera información relativa á súa xestión académica.
- d) Coordinar os procesos de avaliación de calidade do título de acordo co SGC aplicable e trasladar a información que proceda á comisión de calidade do centro.
- e) Asumir todas as competencias relativas ás actas que lle outorga a normativa vixente.
- f) Calquera outra función que lle fose asignada polos órganos competentes.

### 3.4.6. COORDINADOR/A DE CURSO

A figura de coordinador de curso serve de enlace entre os coordinadores/as docentes

das materias impartidas nun curso dun grao e os delegados/as de curso do alumnado. A súa finalidade consiste en coordinar a actividade docente dun curso, realizando o seguimento da implantación da programación das materias do curso, e informando do desenvolvemento do proceso e das posibles incidencias xurdidas no mesmo á comisión de título do correspondente grao. Desenvolve as súas funcións a través das reunións de docencia de curso celebradas con periodicidade semestral nas que participan os alumnos/as delegados/as de curso, os coordinadores/as de materias dese curso, e os membros do equipo decanal, servindo ademais de interlocutor inmediato dos grupos de interese implicados (docentes e estudantes) no caso de que se produza algunha incidencia no proceso.

Para o Grao en Medicina e o Grao en Odontoloxía, hai un coordinador/a por cada curso da titulación, sendo todos eles/as docentes no curso que coordinan, e membros tanto da comisión de título como da Xunta de Facultade.

#### 4. MAPA DE PROCESOS

O SGIC concrétese nos 22 procesos, completados por varios procedementos auxiliares, definidos no SGIC marco, sen variacións adoptadas no centro. O desenvolvemento de cada proceso/procedemento contense no manual de procesos do SGIC marco da universidade así como na aplicación informática de soporte ao Sistema de Garantía de Calidade do centro.

Os procesos e, os procedementos máis importantes asociados a eles, son os seguintes:

##### **DE PLANIFICACIÓN**

PE-01 Política e obxectivos de calidade do centro

PE-02 Creación do Comité Consultivo e canalización da súa actuación

##### **DE DESEÑO E REVISIÓN DA OFERTA**

PC-01G Deseño da oferta académica de Graos

PC-01M Deseño da oferta académica de Máster

PC-02 Revisión da oferta

PC-03 Supresión dun título

### **DE PLANIFICACIÓN DAS ENSIANZAS**

PC-04 Planificación das ensinanzas

P01-PC-04 Elaboración PDA do centro

P02-PC-04 Elaboración de horarios e calendarios de exames

P03-PC-04 Elaboración e aprobación do POD dos departamentos

P04-PC-04 Programación das materias

### **DOCENCIA**

PC-05 Captación de estudantes

PC-06 Titoría e orientación ao estudante

PC-07 Coordinación da actividade docente

PC-08 Programas de mobilidade de estudantes

PC-09 Xestión de prácticas externas

PC-10 Realización traballo fin de Grao/Máster

PC-11 Avaliación da aprendizaxe

### **DE APOIO Á ACTIVIDADE DOCENTE**

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais

PS-03 Xestión dos servizos

PS-04 Control dos documentos e dos rexistros

### **DE MEDICIÓN, ANÁLISE E MELLORA**

PM-01 Medición, análise e mellora

S01-PM-01 Seguimento e acreditación do título

PM-02 Medición da satisfacción dos grupos de interese


P01-PM-02 Procedemento para a medición da satisfacción dos estudantes  
coa docencia

PM-03 Xestión das incidencias (SQR)

### **DE INFORMACIÓN PÚBLICA**

PC-12 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGIC e as súas relacións:



## 5. INDICADORES

De acordo co proceso de medición, análise e mellora (código PM-01) do manual de procesos e procedementos do SGIC da USC, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP), a partir da experiencia previa e da opinión dos diferentes centros, decide os resultados a medir para avaliar a eficacia do plan de estudos de cada unha das titulacións e centros da USC.

Desde a Área defíniranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible no documento F01-PM-01 Táboa de indicadores e informes do SGIC da USC.

## 6. EVIDENCIAS DO SISTEMA

O SGIC marco establece, en relación con cada proceso, as evidencias requiridas. En moitos casos, tales evidencias son as que se derivan da xestión. A continuación recóllense aquelas evidencias que son especificamente requiridas pola implantación do SGIC, para as cales se indica o formato ao que han de axustarse:

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	EVIDENCIA	FORMATO
PE-01	Determinación da política e obxectivos de calidade do centro	Plan estratéxico do centro	F01-PE-01 Plan estratéxico do centro
		Programación plurianual do centro	F02-PE-01 Programación Plurianual do centro
		Plan anual de melloras do centro	F03-PE-01 Plan anual de melloras do centro
PS-04	Control dos documentos e dos rexistros	Documentación xenérica do SGIC	F01-PS-04 Formato de proceso/procedemento F02-PS-04 Formato de manual do sistema
		Documentación específica do SGIC de centro	F03-PS-04 Formato de manual simplificado do SGIC
		Listaxe de documentación en vigor	F04-PS-04 Listaxe de documentación en vigor
PM-01	Medición, análise e mellora	Táboa de indicadores	F01-PM-01 Táboa de indicadores
		Informe de seguimento do SGIC/Resultados do sistema (Memoria de calidade do centro)	F02-PM-01 Informe de seguimento do SGIC/Resultados do sistema
		Proposta do Plan de melloras anual do centro (Memoria de calidade do centro)	F03-PE-01 Plan anual de melloras do centro
S01-PM-01	Seguimento/acreditación do título	Informe de seguimento do título (Memoria de calidade do centro)	Formato do Informe de seguimento do título proporcionado pola ACSUG

### Historial de revisións

Versión	Data	Modificación realizada
01	22/02/2018	Versión inicial